

OFICINA REXISTRO XERAL-CONCELLO DE CABANAS
Entrada
Nº. 20170000000610 17/03/2017 10:28:53



Bloque Nacionalista Galego de Cabanas  
cabanas@bng.gal  
cabanas.bng.gal

Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta ante o Pleno do Concello de Cabanas para o seu debate e posterior acordo a seguinte

## **PROPOSTA DE MEDIDAS ANTE A FIN DA BONIFICACIÓN DO IBI A AUTOESTRADAS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A AP-9, como o conxunto das autoestradas, disfrutan dunha serie de vantaxes fiscais e administrativas que, a pesar do seu carácter vertebrador e estratéxico, non sempre se corresponden co servizo que prestan. Exemplo destas vantaxes son as bonificacións que as autoestradas viñan disfrutando desde o ano 1972 no pago do IBI aos concellos polos que transitan, de xeito que só tiñan que pagar un 5% da totalidade do recibo.

Durante o presente ano 2017 remata a vixencia desta bonificación do IBI, polo que a AP-9 debería comezar a pagar a totalidade do IBI sen bonificación.

Porén, durante os últimos días, nos medios de comunicación comezou a pórse en dúbida esta interpretación, con debates sobre se, por exemplo, os tramos libres de peaxe, ou outros nos que se pagan peaxes na sombra, poderían estar excluídos deste pago, no que semella unha campaña orquestrada para aforrar diñeiro ás concesionarias.

Habida conta de que parte do tramo de AP-9 que atravesa o noso Concello, e máis concretamente o tramo entre a peaxe de Vilar do Colo e o límite co Concello de Fene, podería ser susceptible de entrar nestas causas de exclusión, semella necesario que o Concello tome unha postura ao respecto.

Por estas razóns, o Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello de Cabanas esta moción propoñendo a adopción dos seguintes

### **ACORDOS**

1. O Concello de Cabanas exige que a concesionaria da AP-9 pague o IBI sen bonificación da totalidade do tramo da AP-9 que atravesa o Concello.
2. O Concello de Cabanas empregará, agora e no futuro, o máximo tipo impositivo posíbel (na actualidade o 1,3%) para gravar o IBI da AP-9.



**Bloque Nacionalista Galego de Cabanas**  
cabanas@bng.gal  
cabanas.bng.gal

En Cabanas, a 17 de marzo de 2017

Asdo. Iago Varela Martínez  
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS  
SRS. CONCELLEIRAS DO CONCELLO DE CABANAS